

BASES PARA A SELECCIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O REFUXIO DE ANIMAIS DE BANDO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

A fundación Refuxio de Animais convoca a provisión, mediante contratación indefinida, dun posto de traballo de auxiliar administrativo para o Refuxio de Animais de Bando (Santiago de Compostela), consonte o acordo da reunión do Padroado da Fundación do día 27 de novembro de 2006.

FUNCIONES

Serán as propias da atención ao público no Refuxio e da xestión de documentación deste servizo que inclúen, sen que se poidan entender como limitativas, as que seguen

No tocante á xestión: elaborar e cubrir formularios, controlar os ingresos e saídas de animais, manter os rexistros documentais e contábeis, realizar o control, seguimento e recepción de pedidos, elaborar textos informativos e, en xeral, a xestión de calquera documentación relativa ao funcionamento da Fundación.

A atención ao público, vía telefónica ou no propio centro, incluírá facilitar información sobre horarios e actividades da Fundación, a administración de entradas e saídas dos animais e, en xeral, a actividade de comunicación que lle encomende a dirección do centro.

O traballo realizarase a media xornada.

REQUISITOS

1. Estar en posesión do título de educación secundaria obrigatoria, formación profesional de primeiro grado ou equivalente.

PROCESO DE SELECCIÓN

Constará de probas e un concurso de méritos, resultando seleccionadas as persoas que superen as probas eliminatorias e que obteñan maior puntuación na suma total.

Méritos

1 Experiencia: ata 2.4 puntos.

- a) Por servizos prestados na administración pública no mesmo ou superior corpo, escala, subescala ou categoría: 0.2 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.
- b) Por servizos prestados na empresa privada na mesma ou superior categoría que a que se vaia exercer: 0.1 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.

2 Formación:

- a) Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver (administración, contabilidade, informática...) organizados ou recoñecidos pola administración pública: ata 1 punto.
 - De menos de 15 horas: 0,2 puntos.
 - De 15 a 40 horas: 0,4 puntos.
 - De 40 a 60 horas: 0,6 puntos.
 - De máis de 60 horas: 1 punto.
- b) Por posuír unha titulación académica de superior nivel, distinta e independente, que a requirida na convocatoria (compútase unicamente o título de maior nivel dos alegados):
 - Título de doutor/a: 2 puntos.
 - Título de licenciado/a ou equivalente: 1.50 puntos.
 - Título de diplomado universitario, técnico medio ou equivalente: 1 punto.
 - Título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grado ou equivalente: 0,5 puntos.
- c) Polo coñecemento acreditado da lingua galega:
 - Curso de iniciación ou equivalente: 0,2 puntos.
 - Curso de perfeccionamento ou equivalente: 0,4 puntos.
 - Curso de medio de linguaxe administrativa: 0,5 puntos.
 - Curso superior de linguaxe administrativa: 0,6 puntos

Probas selectivas

Constarán de catro exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio (quedarán eliminados os/as opositores/as que non acaden en cada exercicio o mínimo da metade da puntuación que ten atribuída).

1º Proba de relación cos animais: ata 4 puntos.

2º Proba tipo test de coñecementos de normativa básica da administración, das funcións do posto e de protección animal: ata 4 puntos.

3º Proba tipo test de uso escrito da lingua galega: ata 4 puntos.

4º Proba con ordenador sobre tratamento de textos, bases de datos e contabilidade, onde deberán quedar reflectidos os coñecementos e manexo, a nivel de usuario, do explorador do sistema operativo Windows e dos programas de Word, Excel e Acces para Windows, nun tempo máximo dunha hora, e na que se valorará tamén a presentación e corrección: ata 6 puntos.

TEMARIO DA PROBA DE COÑECEMENTOS DE NORMATIVA BÁSICA DA ADMINISTRACIÓN, DAS FUNCIÓNS DO POSTO E DE PROTECCIÓN ANIMAL

1. Constitución española de 1978: estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. Garantías das liberdades e dereitos fundamentais. Suspensión dos dereitos e liberdades.
2. A Coroa. As Cortes Xerais: composición. Atribucións. Funcionamento.
3. O Goberno e a Administración: o presidente do Goberno. O Consello de Ministros. O poder xudicial.
4. Organización territorial do Estado: ideas xerais. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. O Parlamento de Galicia. A Xunta de Galicia e o seu Presidente.
5. A Administración Local na Constitución: entidades que comprende a regulación actual. O municipio: elementos que o compoñen. Competencias, O termo municipal. A poboación municipal. O empadramento.
6. Organización municipal e normas polas que se rexe. O alcalde: competencias. Os tenentes de alcalde. O Pleno: composición e atribucións. A Comisión de Goberno. Órganos complementarios.
7. Potestades regulamentarias e de autoorganización. Ordenanzas regulamentos e bandos: procedemento de elaboración e aprobación. Infraccións e sancións.
8. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: principios xerais e ámbito de aplicación. Actividade das administracións públicas. Dereitos dos cidadáns.
9. Responsabilidade das administracións públicas, das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo.

10. Atención ao público. Acollida e información ao administrado. Os servizos de información administrativa. Dereitos dos cidadáns á información. O acceso aos arquivos e rexistros. Os servizos de información e de reclamacións administrativas.
11. Concepto de documento. O rexistro xeral de entrada e saída. Funcións do rexistro. O arquivo: concepto e funcións. Clasificación e criterios de ordenación. O arquivo como fonte de información. Aplicación das novas tecnoloxías á documentación do arquivo.
12. A Lei de normalización lingüística de Galicia. A Lei do uso do galego polas entidades locais. Normativa municipal en materia de normalización lingüística.
13. Fundacións: a Lei 12/2006 de 1 de decembro de fundacións de interese galego. Goberno da Fundación.
14. Normativa relativa á protección animais domésticos e salvaxes en cativeiro. A Lei 1/1993 e o seu Regulamento (Decreto 153/1998). Ordenanzas municipais.
15. Marco legal relativo aos animais potencialmente perigosos. A Lei 50/1999, o Real decreto 287/2002, o Decreto 90/2002. Ordenanzas municipais.
16. Lexislación relativa a núcleos zoolóxicos e cans guía. A Orde do 30-07-80, o Decreto 1119/75 e o Real decreto 3250/83.

SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral dun dos seguintes concellos: Santiago de Compostela, Vedra, Boqueixón, Ames, Brión ou Teo.

O prazo de solicitude será de dez días hábiles que se comezarán a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio na prensa.

As solicitudes deberán ir acompañadas dunha fotocopia do documento de identidade e de acreditacións dos requisitos e dos méritos que se aleguen, mediante fotocopias acompañadas do orixinal para que poidan ser cotexadas no correspondente Rexistro. Non se terán en conta méritos que non estean debidamente acreditados na data no que remate o prazo de presentación de solicitudes. De presentarse por correo a solicitude ou noutra administración diferente debe, ademais, remitirse por fax a solicitude ao número 981 542 368.